

CURSO 2023/2024



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

Tabla de contenido

1. OBXECTIVOS DO CENTRO	6
2. MEDIDAS E RECURSOS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS	7
3. PLANS E PROXECTOS DE CENTRO	8
3.1. PLAN DE CONVIVENCIA	8
3.2. PROXECTO LECTOR	13
3.3. PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TICs.	15
4. REVISIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E EDUCACIÓN INFANTIL.	16
5. CALENDARIO E HORARIO ESCOLAR	17
5.1. DATAS DAS AVALIACIÓNS E DE ENTREGA DE NOTAS	19
6. ORGANIGRAMA DO CENTRO.	20
6.1. ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS.	20
6.2. ÓRGANOS DE GOBERNO COLEXIADOS	21
6.2.2. CONSELLO ESCOLAR	21
6.3. COMISIÓN ECONÓMICA	22
6.4. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA	23
6.4.1. ACTIVIDADES DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.	23
6.5. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.	24
7.MEDIDAS ORGANIZATIVAS E PEDAGÓXICAS DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN.	25
8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.	27
8.1. ACTOS CULTURAI	28
8.2. PROGRAMA DE ACTIVIDADES E VIAXES CULTURAI	28
8.3. ACTIVIDADES DEPORTIVAS	28

8.4. O XORNAL ESCOLAR	29
9. BIBLIOTECA	29
10. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.	32
10.1. PLAN PARA A POTENCIACIÓN DO USO GALEGO.	32
11. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN TIC	35
12. COMISIÓN DE CONVIVENCIA	35
13. EQUIPOS DE CICLO	36
14. ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO	36
15. ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO POR GRUPOS E CURSOS.	38
16.2. CURSOS E IDADES	39
16. PRESUPOSTO PREVISTO PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO PARA O CURSO 2023-24.-	40
INGRESOS:	40
GASTOS PREVISTOS:	40
17. HORARIOS.	42
18.2. HORARIOS DO PROFESORADO	46
18. COMEDOR E TRANSPORTE	60
19. HORARIOS E QUENDAS DE RECREO	61
20.1. EDUCACIÓN INFANTIL	61
20.2. EDUCACIÓN PRIMARIA	61
20.2. HORARIO EQUIPO DIRECTIVO.	62
20. DEFICIENCIAS DO EDIFICIO	65
21. MATERIAL E MOBILIARIO	66

22. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO	67
23.1. LOCALIZACIÓN E EQUIPAMENTO DAS CAIXAS DE URXENCIAS	67
23.2. PLAN DE EVACUACIÓN:	67
23.3. CONTROL DE PERSOAS	67
23.4. PROTECCIÓN DO ALUMNADO.	68
23.5. SISTEMAS DE SEGURIDADE.	68
23. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO.	69
24. PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.	72
25. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.	74
26. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO	75
27. PLAN DE RELACIÓNS COA COMUNIDADE E COA FAMILIA.	76
27. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.	77
28. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.	78
29. LIBROS DE TEXTO	80
30. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA DO CENTRO.	87
31. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLO CONCELLO DE CURTIS	87
TEMPORALIZACIÓN	87
ANEXO I: PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO	88
INTRODUCCIÓN	88
ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO	89
ANEXO II: PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CEIP DE TEIXEIRO.	90

2. ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN	92
4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	94
ANEXO III: CONCRECIÓN ANUAL PXAD NO CEIP DE TEIXEIRO	95
ANEXO IV: PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR	99
I.-INTRODUCCIÓN	100
II.- OBXECTIVOS	104
III.- NORMAS DE CONVIVENCIA.	105
1-. NORMAS XERAIS	106
2-.NORMAS ESPECÍFICAS DE USO DO COMEDOR	106
Familias	107
IV.- TEMPO LIBRE	108

1. OBXECTIVOS DO CENTRO

- Traballar a resolución pacífica de conflitos, insistindo na asertividade e na promoción de relacións non violentas entre iguais, así como potenciar unha actitude crítica con calquera tipo de discriminación.
- Traballar a inclusión educativa a través das actividades diarias do centro, tendo en conta a igualdade, diversidade, autonomía, a non discriminación, a autodeterminación, a tolerancia e o respecto, tanto no ámbito educativo como no entorno social, dando unha maior sensibilidade e coñecemento, creando unha sociedade inclusiva.
- Dinamizar a aula de convivencia do centro.
- Crear Recursos TICs para a mellora da docencia.
- Converter a Biblioteca no eixe da investigación, a formación e a información.
- Potenciar o desenvolvemento perceptivo, a creatividade, o goce e o traballo cooperativo e colaborativo.
- Proxecto “EmocionArte” no curso 2023-2024.
- Crear hábitos saudables relacionados coa alimentación e o exercicio físico.
- Dinamizar a páxina web do centro.
- Participación en programas de innovación.
- Colaborar e establecer canles de comunicación fluídos entre entidades externas e o centro educativo creando actividades de sensibilización, asesoramento e información para unha maior inclusión.
- Traballar a igualdade de xénero e igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, así como o respecto polas diferenzas individuais.
- Implicar ao alumnado, profesorado e familias con recursos, boas prácticas metodolóxicas adaptadas, facilitando a verdadeira inclusión do alumnado con necesidade específicas de apoio educativo (NEAE) e con alumnado con necesidades educativas especiais (NEE)

2. MEDIDAS E RECURSOS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Reunións periódicas co persoal docente (reunións de ciclo, reunións de departamento, orientación, CCP, Claustros, Consellos escolares, etc...).

O comedor escolar como lugar para crear hábitos saudables (menús e tentempés adaptados a unha dieta equilibrada).

Participación do alumnado nos almozos saudables. Charlas sobre alimentación saudable e hábitos de hixiene.

Organización de xornadas deportivas dentro do colexio e compartidas con outros colexios da comarca.

Planificar actividades un día á semana para recreos activos.

Relacionadas co proxecto EmocionArte: debates, realización de murais, lectura de contos e textos adaptados, experimentos sinxelos....

Obradoiros realizados pola Garda Civil dentro do Plan Director..

Dotar á comunidade educativa de ferramentas que melloren a aprendizaxe e a participación de todo o alumnado nos distintos ámbitos educativos. Desenvolveranse actividades tendo en conta o marco competencial, creándoas de maneira que conleven cambios metodolóxicos na nosa práctica educativa e organizativos no noso funcionamento, deste xeito apostando por unha inclusión real.

Contactos cos recursos externos (Xefatura Territorial, Concello, familias, EOE,...) Atención Temperá, entidades sin ánimo de lucro coas que a Consellería ten firmado un convenio de colaboración como ASPANAES...)

Durante o presente curso 2023/2024 o profesorado do Centro participa nun PFPP de dobre liña: -Edixgal e Plan Dixital e

- Elaboración de recursos dixitais: Camba, genially
- Biblioteca Escolar.
- Polos Creativos.

3. PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

3.1 PLAN DE CONVIVENCIA

As actividades previstas para realizar durante este curso son as seguintes:

3.1. Actividades previstas co profesorado				
Actividade	Responsables	Recursos	Metodoloxía	Espazos fís. e temp.
Planificación de actividades para o curso (programación e organización de actividades complementarias e extraescolares, programacións, PFPP, reunións e posta en común).	Claustro e equipos.	Bibliografía Recursos dixitais Recursos manipulativos Recursos humanos	Traballo en grupo Reunión Formacións	Todo o curso.

3.2. Actividades previstas coas familias				
Actividade	Responsables	Recursos	Metodoloxía	Espazos fís. e temp.
Acollida	DO-titores/as	Plan acollida Folletos	Reunión	DO - Centro Xuño-Setembro
Información das actividades previstas, NOF, normas clase, ...	Titor/a	Titoría/DO	Reunión	Aula Durante o curso escolar
Charlas. Plan director.	DO	Charlas	Exposición Traballo en grupos Diálogo	Durante o curso escolar

3.3. Actividades previstas co alumnado				
Actividades xerais				
Actividade	Responsables	Recursos	Metodoloxía	Espazos fís. e temp.
Coñecemento do alumnado e da súa situación familiar	Titor/a actual Titor/a anterior DO	Expedientes Informes Cuestionarios	Posta en común Entrevistas Observación	Aulas - DO Setembro
Acollida do alumnado	Titor/a DO	Plan de Acollida. Folletos	Asembleas Xogos	Aulas Setembro
Integración do alumnado novo	Titor/a DO	Orientacions	Lúdica Traballo en grupo	Aula.Cando se dá o caso.
Comentar NOF e Normas de Convivencia	Titor/a Equipo directivo	NOF	Traballo en equipo Xogos	Aula Setembro
Establecemento normas clase	Titor/a	Na clase en coordinación co DO.	Traballo en equipo	Aula Setembro
Establecemento responsables de aula	Titor/a		Asemblea	Aula Setembro

Creación da aula de convivencia	Comisión de convivencia Responsable de benestar emocional.	Material- Orientación DO	Activa Grupo	Aula Todo o curso
---------------------------------	---	--------------------------------	-----------------	----------------------

3.3.1. Alteracións de comportamento

3.3.1.1.- Actividades do Plan de Acción Titorial				
INFANTIL E PRIMARIA				
Actividade	Responsables	Recursos	Metodoloxía	Espazos fís. e temp.
Xogos grupais para facilitar o coñecemento dos alumnos	Titor/a	Bibliografía Propostas DO	Posta en común	Aula
Contos relacionados con valores e emocións. Relacionado co proxecto deste curso "Emocionarte".	Titor/a	Láminas de contos Contos en diferentes formatos	Posta en común en assemblea e hora de ler.	Aula Biblioteca
Entrenamento en estratexias de resolución de conflitos.	DO-titor/a	Elementos da aula	Debate, chuvia de ideas e "roleplaying".	Aula.
3.3.1.2.- Actividades das áreas curriculares				
INFANTIL				
Actividade	Responsables	Recursos	Metodoloxía	Espazos fís. e temp.
Autonomía do neno	Titor/a DO	Os propios da aula.	Activa	Aula Todo o curso
Formas de comunicación e habilidades sociais	Titor/a DO	Programa HHSS	Activa	Aula Todo o curso
Non violencia e empatía	Profesor-Titor DO	Os propios da aula	Activa	Aula Todo o curso

PRIMARIA				
Actividade	Responsables	Recursos	Metodoloxía	Espazos fís. e temp.
Contos relacionados coa asertividade, empatía, tolerancia e respecto entrei guais.	Titor/a-DO	Conto Conversa	Participativa	Aula
3.3.1.3.- Actividades complementarias e extraescolares				
INFANTIL E PRIMARIA				
Actividade	Responsable	Recursos	Metodoloxía	Espazos fís. e temp.
Samaín e Magosto	EACE	Recursos humanos Diversos materiais	Actividade en grupo	Centro
Día da Infancia	EACE	Banderíns Dorsais Pósters	Actividade en grupo	Centro e arredores. 20 de novembro

Día contra a violencia de xénero	Biblioteca	Bibliografía Murais Traballo en aula	Actividades en gran grupo, pequeno grupo e individuais.	Centro e aulas 25 de novembro
Día da discapacidade	EDLG	Charlas Bibliografía Murais Traballo en aula	Actividades en gran grupo, pequeno grupo e individuais.	Centro e aulas 3 de decembro
Nadal	EACE	Cancións Representacións teatrais Bailes Pezas musicais	Actividade grupal	Edificio de usos múltiples 21 de decembro
Día da Paz	BIBLIOTECA	Pósters murais,redaccións Entrevistas,cancións	Escritura Debuxos Xogos Dinámicas	Biblioteca,aula,corredores. 30 de xaneiro
Entroido	EACE	Elaboración de disfraces Bailes Piezas musicais	Actividades en pequeno e gran grupo	Centro e arredores 9 de febreiro

Día da Muller Traballadora	BIBLIOTECA	Pósters, murais, Libros Entrevistas, cancións	Escritura, Debuxos Xogos, Dinámicas.	Biblioteca, aula, corredores Marzo
Semana da prensa	EDLG	Libros Murais Xornais Medios dixitais	Actividades en pequeno grupo/aula.	Aulas Do 4 ao 8 de marzo
Día do Autismo	DO	Pósters, Murais Charlas de sensibilización Colocación de pictogramas no diferentes establecementos de Teixeiro.	Actividades individuais e colectivas	Centro e aulas Concello de Curtis 2 de abril
Semana do libro	BIBLIOTECA	Contacontos Representacións Lectura Libros	Actividades en gran grupo, pequeno grupo e individuais.	Aulas Biblioteca Centro Do 22 ao 26 de abril
Día do acoso	EACE	Libros Lecturas Murais	Actividades en pequeno grupo e individuais	Aulas 2 de maio
Letras galegas	EDLG	Representacións Bibliografía Murais	Actividades en gran grupo,	Centro Do 13 ao 17 de maio

		Cancións Bailes	pequeno grupo e individuais.	
Fin de curso	EACE	Cancións Xogos Murais Bailes	Actividades en grupo	Centro 21 de xuño

Ademais, dende o Departamento de Educación Física e a persoa encargada da coordinación de benestar e convivencia, tal e como recolle a orde do 23 de agosto do 2023, fomentaranse actividades de promoción da saúde tales como almozos saudables, charlas de concienciación... que se levarán a cabo durante todo o curso.

3.2 PROXECTO LECTOR

Ao longo do presente curso seguiremos co proxecto lector. O obxectivo principal do plan de fomento da lectura e do desenvolvemento da comprensión lectora, consiste en motivar ao noso alumnado para que atopen a lectura como un medio de entretemento e aprendizaxe, e deste xeito mellorar a súa comprensión lectora a través dunha metodoloxía activa e participativa que contará con todos os medios ao alcance do centro.

Os obxectivos xerais que nos plantexamos para o presente curso son os que seguen:

- Favorecer o hábito lector e a mellora da competencia lectora desde todas as áreas do currículo.
- Acadar unha velocidade lectora e unha expresión oral, acorde coas distintas idades.
- Mellorar o nivel de comprensión lectora.
- Programar actividades de animación á lectura acordes ás idades e niveis.
- Desenvolver a lectura recreativa empregando para iso a biblioteca de aula.
- Empregar a lectura como fonte de goce e información.
- Implicar ás familias, asesorándoas sobre como poden contribuír a fomentar o gusto pola lectura, na casa, a partir do préstamo de libros da biblioteca.
- Avaliar a competencia lectora do noso alumnado.
- A nosa biblioteca será a fonte de recursos para levar a cabo o noso Proxecto Anual de Centro Emocionarte. Para isto mercaremos títulos atractivos e adaptados para todos os niveis educativos para contribuir ao noso proxecto, co cal estamos moi motivados/as.

Para acadar os obxectivos propostos anteriormente levaremos a cabo as seguintes **accións**:

- Lectura diaria de vintecinco minutos en todos os cursos dende Educación infantil ata Primaria.
- Os fondos atoparanse informatizados e catalogados mediante o programa informático MEIGA.
- Este curso levarase a cabo o préstamo de libros dende a biblioteca do Centro coordinado polos titores de cada curso.
- Apertura da biblioteca no recreo.
- Posta en marcha das Mochilas viaxeiras.

A biblioteca quedou moi bonita xa que xa están listos recantos motivadores para o noso alumnado e facendo da nosa Biblioteca un lugar de reunión atractivo, cómodo e

fonte de cultura e lecer.

Durante este curso o profesorado seguiremos participando nun Plan de Formación Permanente do Profesorado de triple liña, unha de elas adicada á Biblioteca Escolar. Neste plan vai incluído un Seminario de 30 horas de formación e máis de traballo individual, no que pretendemos que a Biblioteca sexa fonte de recursos para a práctica docente diaria e que sexa dinamizadora da vida do Centro e das diferentes conmemoracións. Asimesmo que sexa un espazo no que o alumnado se sinta cómodo e motivado a ler e coller libros de préstamos.

Os recursos cos que contamos para levar a cabo o proxecto lector son os seguintes:

Recursos humanos.

- Tutores e especialistas.
- Equipo da Biblioteca:
 - Maria Luz Vázquez Rivera (Coordinadora)
 - Susana Vázquez Rivera
 - Raquel Fuentes Vázquez
 - Margarita González Castro
 - Marta López Espiñeira
 - Paula Penas Barreiro
 - Hortensia Brao Gómez
 - Diana Manuela Molano Zarate
 - María Fuentes Quindimil

Recursos materiais.

- Libros de texto das diferentes materias.
- Recursos das bibliotecas municipais, de centro e de aula (libros, dicionarios, de consulta. libros en lectura fácil, con pictogramas...).
- Materiais audiovisuais (películas, música, DVD de diversas categorías...).
- Materiais TIC.
- Láminas ilustrativas, monicreques e outros materiais adaptados para educación infantil e primaria.
- Soportes textuais cotiás: prensa, receitas, carteis, etiquetas, folletos....
- Material funxible para a realización de actividades.
- Dicionarios básicos e de sinónimos e antónimos.
- Xogos didácticos.

3.3 PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TICs.

Temos que reorganizar o uso dos recursos cos que conta o centro para tratar de que as TICs formen parte da práctica educativa diaria nas aulas do noso centro.

O Equipo de Dinamización das TICs ofertará actividades formativas puntuais que se soliciten, dentro das posibilidades dos seus integrantes.

Temporalización e responsables:

No primeiro trimestre será o Equipo de TICs o encargado de realizar as actuacións precisas de instalación (con apoio técnico externo) e organización dos recursos: videoproxectores, uso de ordenadores portátiles, encerado dixital,...

Ao longo do curso a páxina Web será actualizada e mellorada no posible creando contidos que poidan ser aproveitados tanto polos alumnos/as como polos profesores/as.

Durante este curso implantamos en 5º de Educación Primaria o Programa Edixgal (en 6º de EP implantado xa o curso pasado), no que participan os 51 alumnos e alumnas desas aulas e os mestres e mestras que imparten clase. De todos os xeitos, todo o profesorado está inscrito para recibir Formación no Edixgal para aproveitar ao máximo o seu potencial como instrumento educativo e saber axudar ao alumnado e familias en todo o que precisen.

A totalidade do profesorado somos participantes dun PFPP de triple liña Unha de esas liñas e de creación de recursos dixitais con aplicacións novedosas (Genially, Canva...) e outra de Polos Creativos, no que abarcaremos os espazos Makers a robótica . Neste Plan de Formación Permanente do Profesorado teremos un Seminario de 30 horas de formación con sesións conxuntas e traballo individual.

HORARIO PREVISTO PARA O USO DA AULA DE INFORMÁTICA EN HORARIO LECTIVO

HORA/DÍA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09,30-10,20					
10,20-11,10				3º PRIMARIA	
11,10-12,00					
12,00-12,25					
12,25-12,50					1º PRIMARIA
12,50-13,40	5º INFANTIL	6º INFANTIL	4º INFANTIL	4º PRIMARIA	2º A (EP)
13,40-14,30	1º EP				2º B, EP

4. REVISIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E EDUCACIÓN INFANTIL.

Revisáronse e modificáronse aqueles aspectos relacionados coa temporalización, actividades complementarias e avaliación. Ademais, estanse adaptando as programacións á nova situación lexislativa (Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación).

Polo tanto, este novo curso académico xa estará a LOMLOE instaurada en todos os cursos das etapas de EI e EP.

5. CALENDARIO E HORARIO ESCOLAR.

O horario escolar foi elaborado segundo os criterios pedagóxicos máis axeitados ao proxecto de xornada continuada que foi aprobado pola Xefatura Territorial, o Claustro de Profesores, o Consello Escolar e os Pais/Nais de alumnos/as e ratificado pola Dirección Xeral de Centros e

Innovación Educativa. O período lectivo desenvolverase de luns a venres, segundo o calendario escolar vixente, recollido na Orde do 3 de maio de

2023. Neste centro ao ter a xornada continuada os horarios quedan da seguinte maneira:

Educación Infantil e Primaria de 9,30 a 14,30 h., incluídos setembro e xuño.

Os mestres/as con dispoñibilidade horaria realizan as seguintes tarefas:

- Atención á diversidade, a alumnado con dificultades de aprendizaxe ou con nee.
- Substitucións.

- Dinamización e potenciación do emprego dos recursos didácticos: biblioteca escolar.

Dentro do horario lectivo existen mestres/as de garda que se encargarán de substituír sempre que falte algún mestre/a. No caso de que falte máis dun mestre/a xuntarase os cursos e limitarase á vixilancia dos mesmos, ben no patio, vendo un vídeo ou realizando algunha actividade que sexa compatible cos distintos cursos.

Tódolos mestres/as do centro cumpren as vintecinco horas de permanencia fixas: en horario do alumnado e dúas de gardas de entrada e saída (as especialistas de PT e AL non fan gardas de entrada e saída). O resto do horario ata as trinta horas dedícaranse a gardas de actividades extraescolares, claustros, consellos escolares, xuntas de avaliación, cursos de formación, etc...e computarase mensualmente pola dirección do centro. Todas estas actividades realízanse segundo horario que figura no organigrama de actividades .

HORARIO DAS HORAS DO CÓMPUTO MENSUAL

	1ª SEMANA	2ª SEMANA	3ª SEMANA	4ª SEMANA
LUNS	Garda de transporte: 9:15/9:30 Titorías: 17:30/18:30 Extraescolares/EDL G15.30-16.30 Dinamizacións 16.30-17:30	Garda de transporte: 9:15/9:30 Titorías 17.30-18.30 0 Claustro 15.30-16:30 0 Dinamizacións 16.30-17.30	Garda de Transporte: 9:15/9:30 Titorías 17:30-18.30 Coordinación ciclo EI/ Cursos(1º-2º, 3º-4º e 5º-6º EP) 15.30-16.30 Dinamizacións 16:30-17:00	Garda de transporte: 9:15/9:20 Titorías 17:30/18:30 CCP/D.O 15.30-16:30 Dinamizacións 16:30-17:30
RESTO HORAS ATAS TRINTA	Reunións de claustros, consellos escolares, xuntas de avaliación, cursos de formación, garda de tarde.			

5.1. DATAS DAS AVALIACIÓNS E DE ENTREGA DE NOTAS

1ª AVALIACIÓN

REUNIÓNS

11 de decembro de 2023

INFANTIL: 4º, 5º, 6º EI 16:00 horas

PRIMARIA 1º, 2º e 3º

12 de decembro de 2023

PRIMARIA: 4º, 5º, 6º 16:00 horas

ENTREGA DE BOLETÍNS: 21 DE DECEMBRO

2ª AVALIACIÓN

REUNIÓNS

11 de marzo de 2024

PRIMARIA: 4º, 5º, 6º 16:00 horas

12 de marzo

INFANTIL: 4º, 5º E 6º 16:00 horas

PRIMARIA: 1º, 2º E 3º

ENTREGA DE BOLETÍNS: 22 DE MARZO DE 2024

3ª AVALIACIÓN

REUNIÓNS

11 de xuño de 2024

INFANTIL: 4º, 5º e 6º ás 16:00 horas

PRIMARIA: 1º, 2º E 3º

12 de xuño de 2024

PRIMARIA: 4º, 5º e 6º ás 16:00 horas

ENTREGA DE BOLETÍNS: 21 DE XUÑO

6. ORGANIGRAMA DO CENTRO.

De acordo co Decreto 374/1996, do *polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e a Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*, contamos no centro cos seguintes órganos de goberno e coordinación.

ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS.

Directora: D^a. Susana Vázquez Rivera.

Xefe de Estudos: Xan Molina Quiroga

Secretaria: Dna. Andrea Carmen Miraz Merelas.

6.2. ÓRGANOS DE GOBERNO COLEXIADOS

6.2.1. CONSELLO ESCOLAR

Reúnese cando menos 1 vez no trimestre.

PRESIDENTA: D^a. Susana Vázquez Rivera

XEFE DE ESTUDOS: D. Xan Molina Quiroga

SECRETARIA: D^a. Andrea Carmen Miraz Merelas.

PROFESORADO:

D^a. Susana Vázquez Rivera

D^a. Andrea C. Miraz

Merelas D^o. Xan Molina

Quiroga

D^a. María González Arias

D^a. Ana María Martínez Castro

D^a. Raquel Fuentes Vázquez

D^a. María Luz Vázquez Rivera

D^a. Marta Rodríguez Paz.

REPRESENTANTE DO CONCELLO:

D^a. Marta Barreiro Méndez

REPRESENTANTES DE PAIS E NAIS:

D^a.M^a Carmen Bujan Vázquez

D^a.Carlos Freire Espiñeira

D.José Luis Fernández Barral

D^a.Cristina Veleiro Vence

D. David Pintor Sánchez.

PERSOAL NON DOCENTE:

D^a. M^a Jesús Vázquez Vilariño

6.3. COMISIÓN ECONÓMICA.

Directora: D^a. Susana Vázquez Rivera.

Secretaria. D^a Andrea C. Miraz Merlas

Mestra: D^a Marta Rodríguez Paz

Pai: Carlos Freire Espiñeira.

6.4. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Directora: D^a. Susana Vázquez Rivera

Xefe de Estudos: D. Xan Molina Quiroga

Coordinadora de ciclo de E.I.: D^a. María González Arias.

Responsable de 1^o e 2^o de E.P.: D^a. Ánxela Merelas Sánchez.

Responsable de 3^o e 4^o de E.P.: D^a. Andrea Carmen Miraz Merelas.

Responsable de 5º e 6º de E.P.: D. Jesús Somoza Fernández(actúa como secretario da CCP)

Xefa do Departamento de Orientación: Dª María Iglesias Lombao

Mestra de P.T.: Dª. Ana María Martínez Castro

Mestra A.L: Dª Diana Manuela Molano Zárate

Coordinadora do EDLG: Dna. María Fuentes Quindimil

Responsable da biblioteca: Dª. María Luz Vázquez Rivera.

6.4.1. ACTIVIDADES DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

- Elevará propostas ao claustro, para establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
- Velará para que os proxectos curriculares de etapa se realice conforme aos criterios establecidos polo claustro.
- Velará para que o plan de acción tutorial, sexa o establecido polo claustro.
- Asegurará a coherencia entre o PE, as PD de etapa e a PXA.
- Establecerá as directrices para a elaboración das distintas programacións didácticas.
- Velará polo cumprimento e posterior avaliación das PD.
- Nomeará o responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- Proporá os profesores do equipo de dinamización da Lingua Galega.
- Canalizará as necesidades de formación do profesorado.

6.5. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

Orientadora: Dna. María Iglesias Lombao.

Mestra de P.T: Dna. Ana María Martínez Castro.

Mestra de A.L: Dna. Diana Manuela Molano Zárate.

Coordinadora de ciclo de E.I- D^a.María González Arias.
Responsable de 1^o, 2^o de E.P: Ánxela Merelas Sánchez.
Responsable de 3^o,4^o de E.P: D^a. Andrea C.Miraz Merelas.
Responsable de 5^o e 6^o de E.P: D. Jesús Somoza
Férrnández.
Xefe de Estudos: Xan Molina Quiroga

7. MEDIDAS ORGANIZATIVAS E PEDAGÓXICAS DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN.

A incorporación dos nenos/as ao segundo ciclo de educación infantil é un acontecemento de grande transcendencia no seu proceso de desenvolvemento integral. Supón un importante cambio, xa que implica a saída do entorno familiar onde ocupa un papel determinado, cunha forma concreta de comunicarse e cun espazo que coñece e lle dá seguridade e protección. Dende o centro planificarase un período de adaptación para este alumnado, que durante este curso non abranguerá máis aló do 16 de setembro. Neste curso 23/24 dito período atópase regulado pola Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/2024 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O inicio desta etapa educativa supón que o seu mundo de relacións se ampliará. Ademais vai entrar en contacto cun novo espazo descoñecido para eles, con novas normas, rutinas...

Por iso, dende este Centro consideramos prioritario unha boa planificación, na que a colaboración entre a familia e os docentes faga que este período de adaptación transcorra do xeito máis agradable posible.

As medidas organizativas e pedagóxicas, deseñadas para tal fin, concréntanse en tres apartados:

a) Participación e Colaboración dos Pais/Nais

Existe unha primeira toma de contacto co centro unha vez que se formaliza a matrícula. Tras esta toma de contacto, a dirección do centro establecerá unha reunión onde se informará aos pais/nais do horario do centro, normas básicas, servizos e amosaralles as principais dependencias de uso común do mesmo. Tamén se incluírá a presentación do equipo docente de educación infantil.

Información ao comezo do curso, por parte do titor/a do período de adaptación.

b) Duración

Establécea cada ano a Consellería de Educación, a través do calendario escolar, publicado no DOG.

Este período abrangue os primeiros días lectivos de setembro, de maneira que, o día 18 de setembro, a incorporación dos nenos/as de tres anos sexa completa.

c) Normas de entrada e saída

Durante estes primeiros días os pais/nais acompañarán aos seus fillos/as ata a cancela principal, onde os recibirá o titor/a.

O lugar e horario de recollida estará establecido na concreción de cada ano para o desenvolvemento axeitado deste período, quedando recollido nesta PXA.

d) Flexibilización do Calendario Escolar

Durante este período de adaptación o horario será flexible para os alumnos/as de 3 anos e para o alumnado que se incorpore por primeira vez ao sistema educativo. Para os demais, será igual que o resto da comunidade escolar.

e) Actividades de Adaptación

Para este período de adaptación, deseñaranse unhas pautas de actuación, orientadas ao coñecemento e familiaridade do neno/a cos seus compañeiros/as e profesores, coa aula e cos espazos do centro de uso común, procurando na medida do posible, que lembren o ambiente familiar.

Todo isto procurando:

Crear un espazo ordenado, ben estruturado, con recunchos que evoquen o fogar coas súas respectivas dependencias, e que resulte acolledor e atractivo.

Permitirlle eses días, se o desexa, traer ao colexio o seu xoguete favorito, algo que lle sexa familiar.

Realizar actividades de socialización que lles faciliten establecer contacto cos compañeiros/as e mestres, así como integrarse na

dinámica da aula.

Facer xogos en grupo, ferramenta imprescindible para ir introducindo de forma lúdica e divertida as diferentes normas básicas de comportamento.

Favorecer o xogo libre no espazo que desexen, sen quebras ou normas, que non sexan o comportamento axeitado en cada recuncho e a correcta utilización do material.

Organizar xogos para coñecer o patio, comedor, aula de usos múltiples.

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

COORDINADORA: Dona Paula Penas Barreiro

Dona Susana Vázquez Rivera

Dona Andrea C. Miraz Merelas

Dona Ánxela Merelas Sánchez

Dona Marta López Espiñeira

Dona Alicia Varela Bouza.

Dona Hortensia Brao Gómez

Don Jesús Somoza Fernández.

Dona Diana Manuela Molano Zárate.

8.1. ACTOS CULTURAIS

Ademais das conmemoracións establecidas no Calendario oficial vixente, celebraremos o Magosto e Samaín, Nadal e Entroido, Día da Infancia, Día da violencia de xénero e Día da discapacidade.

A evolución da pandemia que tivemos que vivir en anteriores cursos, permítenos este curso levar a cabo todas as

actividades programadas sen ningún tipo de restrincción. Polo que, celebraremos as actividades con público e sen problemas de poder mesturar grupos-clase.

8.2. PROGRAMA DE ACTIVIDADES E VIAXES CULTURAI

Realizaremos, polo menos, unha saída por trimestre e grupo. Algunha delas en relación ao proxecto de centro deste curso escolar: “Emocionarte” . Así mesmo, pódense programar actividades de iniciativas que xurdan durante o curso que nos parezan interesantes para o noso alumnado.

8.3. ACTIVIDADES RELACIONADAS COA VIDA ACTIVA E DEPORTIVA

Como en outros cursos escolares e sendo consecuentes con obxectivos do centro, imos participar no Deporte Escolar, a través de XOGADE, convocado pola Secretaría Xeral para o Deporte, nos seguintes deportes: campo a través, brilé, carreiras de orientación, multideporte, bádminton, atletismo, voleibol, piragüismo dragons...As xornadas deportivas ou competicións levaranse a cabo cos concellos participantes. Ademais, intentarase fomentar a convivencia intercentros. Estas xornadas normalmente son dentro de horario lectivo, pero pode que algún campionato se desenvolva na fin de semana.

Cada vez que haxa unha saída, dende a materia de educación física, propoñeráse que se complementen as saídas culturais coas deportivas.

Por outra banda, en cada trimestre organizaranse, na etapa de primaria, nos cursos superiores, campionatos internos doutros deportes como: tenis de mesa, minibasket, voleibol, baile... durante o periodo do recreo de primaria, un día por semana. E na etapa de infantil, sacarase material deportivo do ximnasio todos os días e ademais, un día á semana, poñeráse música e farase baile. Todas estas actividades levaranse a cabo sempre que haxa dispoñibilidade horaria, en función das medidas organizativas do centro.

Contaremos coa colaboración de varios clubs deportivos que virán presentar o seu deporte, dentro do horario lectivo, prestarnos material deportivo e ensinarnos normas básicas, así como facer algunha demostración ou xogos.

Tamén contaremos coa visita de asociacións sen ánimo de lucro como Cruz Vermella, personal sanitario do centro de saúde para traballar os primeiros auxilios e hábitos saudables; ENKI e Asociación Stop Accidentes e DXT para traballar educación viaria.

Tendo en conta as propostas de mellora relacionadas coa vida activa e deportiva recollidas na memoria do curso pasado, intentarase que durante este curso se incrementen as seguintes actividades:

- Propoñer actividades en familia, dende a materia de educación física, nos tempos de lecer.
- Participación en programas europeos de promoción de actividade física.
- Colocación de cartelería que promova a actividade física e a saúde.
- Solicitud dun parking de bicicletas fomentando que o alumnado veña ao colexio neste medio de transporte.
- Organización de eventos deportivos e comunitarios onde as familias poidan participar e promover así a convivencia escola-familia, por exemplo, na carreira solidaria ou como expertos deportivos nas sesións de educación física.
- Organización de actividades para toda a comunidade educativa no mes de abril, aproveitando a celebración do Día do deporte e da actividade física.
- Actividades no medio natural, como roteiros en bici polo pobo, andainas que relacionen arte e deporte, xogos de auga, carreiras de orientación... Estas actividades aparecen en todas as programacións de educación física dos cursos de primaria, para realizar durante o mes de xuño.

Por último, intentarase traballar de forma interdisciplinar con outras materias, sempre que se poida, en actividades de ciencias naturais, matemáticas, linguas e educación artística (concurso de Stop Accidentes). Como o proxecto de centro está relacionado coa arte, emocións, música e danza, neste curso o alumnado coñecerá varias danzas de diferentes zonas xeográficas, as emocións que transmite a música e a súa relación co movemento.

8.4. O XORNAL ESCOLAR

O Xornal escolar que se facía en cursos anteriores será agora substituído por publicacións na nosa web con actividades feitas no Centro. Non haberá Xornal Escolar impreso.

9. BIBLIOTECA

Coordinadora: M^a Luz Vázquez Rivera

- Raquel Fuentes Vázquez.
- Susana Vázquez Rivera.
- Margarita González Castro
- Marta López Espiñeira
- Diana Manuela Molano Zárata
- Paula Penas Barreiro
- María Fuentes Quindimil
- Hortensia Brao Gómez

Todo o equipo de biblioteca intervirá no seu funcionamento e dinamización. Durante este curso 2023/2024 a biblioteca de Centro volverá a dotar de recursos ás bibliotecas de aula. O servizo de préstamos de libros ao alumnado vaise facer dende a biblioteca de aula (por parte do titor/a) e dende a biblioteca do centro (por parte da coordinadora de biblioteca e dos titores/as).

As actividades programadas para este curso son as seguintes:

- Continuar coa catalogación de novos exemplares adquiridos.
- Expurgo, reparación e reposición do fondo deteriorado.
- Colocar todos os títulos e facer a ordenación alfabética nas estanterías.

- Proporcionar material para o proxecto do centro EmocionArte.
- Organizar a visita ao centro dalgún contacontos.
- Lecturas colectivas.
- Expoñer material relacionado con festas e conmemoracións e novidades.
- Seleccionar material de catálogos de editoriais para ampliar fondo.
- Organizar actividades literarias con motivo de celebracións (día do libro, día da poesía,...).
- Hora semanal do uso da biblioteca por titorías.
- Actividades de fomento a lectura en familia: mochilas viaxeiras...
- Biblioteca inclusiva: libros en lectura fácil, libros con pictogramas...
- Madriñas e padriños lectores: o alumnado de cursos máis altos leerán contos e farán actividades de comprensión lectora (debuxos, carteis, entrevistas...) a alumnos e alumnas de cursos máis baixos.
- Apertura da biblioteca no recreo.
- Posta en marcha das Mochilas viaxeiras.
- Concurso elaboración de mascota en 3D.

Este curso como novidade teremos tamén un buzón de suxerencias, no que o alumnado meterá propostas de títulos para mercar, proposta de actividades a realizar...

10. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

COORDINADORA. D^a María Fuentes Quindimil

D^a. María González Arias

D^a. Raquel Fuentes Vázquez

D^a. Carmen Adela Graña Iglesias

D^a. Marta Rodríguez Paz

D^a. Margarita González Castro

D^a. Ana María Martínez Castro

D^o Xan Molina Quiroga.

10.1. PLAN PARA A POTENCIACIÓN DO USO GALEGO.

Para levar a cabo este plan temos en conta, o novo Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.

A maior parte dos alumnos do noso Centro son galego-falantes, o que fai que o noso labor dende o equipo sexa dinamizar o uso do galego. Deste xeito, algúns dos obxectivos que pretendemos levar a cabo ó longo do curso son:

- A normalización dos documentos académicos e toda aquela documentación oficial, tanto interna como externa.
- Realizar concursos de contos, poesías, fotografía creativa...
- Celebración da Semana das Letras Galegas.
- Celebración das festas tradicionais (Samaín, Magosto, Nadal, Entroido,...),
- Concurso de postais do Nadal.
- Campañas de animación á lectura coa biblioteca como punto de partida.
- Exposicións con motivo de datas importantes, como o Día da Prensa, o Día da Paz, día da Muller traballadora...
- Conmemoracións: día da discapacidade, Día de Rosalía, Día da muller, Semana da prensa...

- Recuperación de xogos populares e obradoiros realizados na clase de educación física.
- Representación de obras teatrais polo propio alumnado.
- Elaboración de murais e carteis.
- Día das Letras Galegas.
- Recolleita de adiviñas, refráns, poesías, trabalinguas, panxoliñas, cantos de Reis... en galego.
- Contacontos e asistencia a representacións teatrais, concertos didácticos, de maxia..
- Actividades relacionadas coa contorna do noso cole.
- Fomentarase, a través de xogos e doutras actividades lúdicas , o uso do galego nas actividades informais do alumnado.
- Utilizarase todo aquel material en galego que, ademais do seu carácter formativo, contribúa a facer desaparecer os prexuízos: vídeos, cancións, películas, publicacións, etc.

Pretendemos implicarnos na colaboración con outros centros educativos de igual ou diferente nivel da comarca, co obxectivo de potenciar as experiencias de ámbito máis amplo, como a realización de actividades de animación á lectura, teatro...

O alumnado que se incorporen no sistema educativo en 5º ou 6º de EP, procedentes doutras comunidades ou doutro país, poderan ter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da Lingua Galega durante un máximo de dous cursos, aínda que o alumnado teña que asistir ás aulas, tal como aparece no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o pluringüismo no ensino non universitario de Galicia. Preténdese tamén elaborar materiais e actividades adaptadas para estes nenos/as, como dicionarios bilingües, adaptacións de lecturas, obradoiros de comunicación ...

11. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN TIC.

D^a. Marta Rodríguez Paz (coordinadora)

D^a. Andrea Miraz Merelas

D^a. María González Arias

D^o. Xan Molina Quiroga

D^a. Ánxela Merelas Sánchez
D^a Ana María Martínez Castro
D. Jesús Somoza Fernández
D^a Carmen Adela Graña Iglesias

12. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A composición da comisión de convivencia que establece o artigo 6, punto 2 do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro queda constituída polos seguintes membros:

Directora:

D^a. Susana Vázquez Rivera

Representantes do profesorado:

D^o Andrea Carmen Miraz Merelas.

D^a. Raquel Fuentes Vázquez.

D. Xan Molina Quiroga

Representante dos pais:

D. José David Pintor Sánchez

D^a. María del Carmen Buján Vázquez.

Representante do persoal de servizo

D^a. María Jesús Vázquez Vilariño.

Ademais, segundo a Orde do 23 de agosto do 2023, pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia, noméase a Ánxela Merelas Sánchez como mestra encargada de tal fin.

13. EQUIPOS DE CICLO

EDUCACIÓN INFANTIL:

Coordinadora: D^a. María González Arias.

Juana Josefa Yañez Abad, substituída D^a Alicia Varela Bouza.

Carmen Adela Graña Iglesias

María Luz Vázquez Rivera

Diana Manuela Morano Zárata

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

Coordinadora: Ánxela Merelas Sánchez

Raquel Fuentes Vázquez

Paula Penas Barreiro

Marta López Espiñeira

2º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA

Coordinadora: Andrea Carmen Miraz Merelas

Susana Vázquez Rivera

Xan Molina Quiroga

3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Coordinador: Jesús Somoza Fernández

María Fuentes Quindimil

Marta Rodríguez Paz

Ana Martínez Castro

14. ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO

4º Educación Infantil: Dª JUANA JOSEFA YÁÑEZ ABAD

5º Educación Infantil: Dª MARÍA GONZÁLEZ ARIAS

6º Educación Infantil: Dª. CARMEN ADELA GRAÑA IGLESIAS.

-Apoio E. Infantil: Dª. MARÍA LUZ VÁZQUEZ RIVERA

1º Educación Primaria: Dª. ÁNXELA MERELAS SÁNCHEZ

2º Educación Primaria:

Grupo A: Dª. RAQUEL FUENTES VÁZQUEZ

Grupo B: Dª. PAULA PENAS BARREIRO

3º Educación Primaria: Dª. ANDREA CARMEN MIRAZ MERELAS

4º Educación Primaria: Dª. SUSANA VÁZQUEZ RIVERA

5º Educación Primaria: Dª. MARTA RODRÍGUEZ PAZ.

6º A Educación Primaria: Dº. JESÚS SOMOZA FERNÁNDEZ

6º B Educación Primaria: Dª. MARÍA FUENTES QUINDIMIL

Lingua estranxeira inglés: Dª. MARGARITA GONZÁLEZ CASTRO.

1º curso. E Primaria	Ciencias Sociais	Ciencias sociais 1. Operación mundo.	Aguilar Mendoza, Mª del Carmen;Araluce León, Alaska; Bustos Jiménez, Antonio Caamacho Siegmannn, Concesa Leonor.		978-84-698-9650 -1		

C.E.I.P.
Teixeiro

Programación Xeral
Anual

Curso 2023-24

1º curso. E Primaria	Caderno de escritura	Anaya	Anaya	2022 978-84-6983-772 -6	Galego	
1º curso. E Primaria	Matemáticas	Operación Mundo	Ana Isabel Carvajal Sánchez, Lucía Isabel de la Rosa Gómez	Anaya 2022 978-84-698-9352 -4	Castel á	

1º curso. E Primaria	Inglés	All about us 1 class book	Vanessa Raily, Plácido Bazo eMarcos Peñate	Oxford Universit y Press	2013	9780194562355	Inglés	
1º curso. Ed. Primaria	Relixión Católica 1	Aprender é crecer en conexión	Varios	Anaya	2015	978-84-678-8651 -1	Galego	
1º curso. Ed. Primaria	Música	Música Melodía 1 Galego	Varios	GaliNova	2014	978-84-9737-222 -0	Galego	

2º curso. Ed. Primaria	Ciencias Sociais	Ciencias sociais 2. Operación Mundo.	Bustos Jiménez, Antonio; Cascante Miguélez, Sara; Gentil Adarve, Manuel;Gómez Sánchez, Víctor	Anaya	2018	978-84-698-965 4-9	Galego	
2º curso. Ed. Primaria	Lingua galega	Lingua 2. Caderno. Peza a peza.		Anaya	2018	978-84-698-377 8-8	Galego	
2º curso. Ed. Primaria	Lingua galega	Textos 1	Fernández Trelles, Sabela; Martínez Mella, M ^a Eugenia	Xerais	2022	978-84-1110-00 8-3	Galego	
2º curso. Ed. Primaria	Lengua	Lengua 2	Clar Boluda, M ^a del Carmen; García Morales, M ^a Esperanza; Pastor Añó, Estefanía; Vals Segarra, Bárbara	Anaya	2022	978-84-698-924 7-3	Castelá	
2º curso. Ed. Primaria	Matemáticas 2	Matemáticas 2	Carvajal Sánchez, Ana; De la Rosa Gómez, Lucía	Anaya	2022	978-84-698-937 4-6	Castelá	
2º curso. Ed. Primaria	Inglés	All about us 2 class book	Vanessa Reilly, PlácidoBazo e Marcos Peñate	Oxford UP	2013	9780194562379	Inglés	
2º curso.	Relixión Católica	Aprender é crecer en	Varios	Anaya	2015	978-84-678-770	Galego	

2º curso. Ed. Primaria	Música	Música Melodía 2 Galego	Varios	GaliNova	2015	978-84-9737-238-1	Galego	
3º curso. Ed. Primaria	Ciencias da Natureza 3	Aprender é crecer en conexión	Varios	Anaya	2015	978-84-678-8568-2	Galego	
3º curso. Ed. Primaria	Lengua 3	Aprender es crecer en conexión	Varios	Anaya	2015	978-84-698-0649-4	Castelá	
3º curso. Ed. Primaria	Lingua 3	Aprender é crecer en conexión	Varios	Anaya	2015	978-84-678-8655-9	Galego	
3º curso. Ed. Primaria	Matemáticas 3	Aprender es crecer en conexión	Varios	Anaya	2015	978-84-678-8574-3	Castelá	
3º curso. Ed. Primaria	Ciencias Sociais 3	Aprender é crecer en conexión	Varios	Anaya	2015	978-84-678-7064-0	Galego	
3º curso. Ed. Primaria	Inglés	All about us 3 class book	Vanessa Reilly, PlácidoBazo e Marcos Peñate	Oxford U P	2013	978019456286	Inglés	
3º curso. Ed. Primaria	Música	Música Melodía 3 Galego	Varios	GaliNova	2014	978-84-9737-223-7	Galego	
3º curso. Ed. Primaria	Relixión Católica 3	Aprender é crecer en conexión	Varios	Anaya	2015	978-84-678-8577-4	Galego	
4º curso. Ed. Primaria	Ciencias da Natureza 4	Aprender é crecer en conexión	Varios	Anaya	2015	978-84-678-8017-5	Galego	

4º curso. Ed. Primaria	Lengua 4	Aprender es crecer en conexión	Varios	Anaya	2015	978-84-698-0650-0	Castelá	
4º curso. Ed. Primaria	Lingua 4	Aprender é crecer en conexión	Varios	Anaya	2015	978-84-678-8013-7	Galego	
4º curso. Ed. Primaria	Matemáticas 4	Aprender es crecer en conexión	Varios	Anaya	2015	978-84-678-778	Castelá	

Primaria

conexión

1-6

6º curso. Ed.	Ciencias da	E-dixgal	Netex-Smart	Galego	
---------------	-------------	----------	-------------	--------	--

Primaria	Natureza 6			
6º curso. Ed. Primaria	Lengua 6	E-dixgal	Netex-Smart	Castelá
6º curso. Ed. Primaria	Lingua 6	E-dixgal	Netex-Smart	Galego
6º curso. Ed. Primaria	Matemáticas 6	E-dixgal	Netex-Smart	Castelá
6º curso. Ed. Primaria	Ciencias Sociais 6	E-dixgal	Netex-Smart	Galego

6º curso. Ed. Primaria	Inglés	E-dixgal	Netex-Smart	Inglés
6º curso. Ed. Primaria	Música	E-dixgal	Netex-Smart, entre outros	Galego
6º curso. Ed. Primaria	Relixión Católica 6	E-dixgal	Netex-Smart, entre outros	Galego

28. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA DO CENTRO.

O ANPA ten programadas dúas actividades extraescolares, que serán Judo e Robótica.

As actividades que vai a realizar o Concello de Curtis son: fútbol sala, atletismo, ximnasia artística, patinaxe, baile, informática, padel, natación, inglés e robótica

TEMPORALIZACIÓN

Fútbol sala: Dúas sesións semanas, os luns e mércores ás 15.30 h.

Ximnasia artística: Dúas sesións semanas, os martes e xoves ás 16.15h

Patinaxe: Martes e xoves a partir das 15.30 ata as 18.30 h.

Baile: Venres ás 18.00 h.

Atletismo: luns e mércores ás 18:30h.

ANEXO I: PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Segue en vigor o Proxecto lingüístico elaborado no curso 2023/2024. O proxecto de traballo do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, incluído nesta PXA, contempla as actividades a realizar para fomentar o uso da nosa lingua entre a comunidade educativa.

INTRODUCCIÓN

Tal como consta no decreto 79/2010 de 20 de maio (DOG do 25 de maio), así como no punto 7 do Proxecto Lingüístico de Centro aprobado polo Consello Escolar con data do 27 de xaneiro de 2011, “Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal consten”:

- O resultado da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado de educación infantil para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- Información sobre os cambios aprobados polo centro, e autorizados pola consellería, cando haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s).
- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

Como consecuencia do exposto, elabórase o documento referente tendo en conta as sentenzas da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 21 de novembro de 2012 (PO 447/10, 5888/10 e 595/10) e do 28 de novembro de 2012 (PO 569/10, 589/10 e 591/10) que anuláron o punto 2 do artigo 5 e o punto 3 do artigo 12 do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

1. Resultados da pregunta informativa e non vinculante aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado do primeiro curso do segundo ciclo de educación infantil para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado: a lingua predominante é o galego.

2. Elección da lingua materna por parte do centro.

Seguindo a instrución do 31 de xullo de 2013, o centro fixou a lingua predominante baseándose nos seguintes parámetros:

O resultado da pregunta informativa e non vinculante realizada ás familias. A realidade sociolingüística do entorno.

A garantía da presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares na programación anual do centro e, polo tanto, da adquisición de coñecementos nas dúas linguas.

O centro escolar resolve que, no presente curso académico 2022/2023, a lingua materna a empregar no cuarto nivel do segundo ciclo de educación infantil será o galego.

3. Emprego da lingua por parte do alumnado.

O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área ou materia.

4. Información sobre modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s). Ao ser o centro un colexio con primeira sección bilingüe no ciclo de Educación Primaria, a sesión semanal de Educación Plástica Visual Vartida en inglés. O centro conta cun auxiliar de conversa compartido co CEIP da Castellana que ven ao colexio os luns e martes e está presente nas clases de infantil e primaria para interactuar co alumnado en inglés

5. Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

A valoración sobre o proxecto desenvolvido no curso anterior recóllese na Memoria Anual do curso 2022-2023 remitida á inspección educativa logo da súa aprobación.

ANEXO II: PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CEIP DE TEIXEIRO.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN
3. HORARIO DA ORIENTADORA
4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

De conformidade co establecido no Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 24 de xullo de 1998 polo que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, en relación á organización e funcionamento do Departamento de orientación, establécense varios niveis de concreción na determinación das súas accións:

- Os ámbitos de actuación establecidos nas funcións do departamento e que se explicitan na referida normativa.
- As instrucións da Administración Educativa que se concretan na Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- As liñas xerais do Plan de Orientación Académica e Profesional e do Plan de Acción Titorial, elaboradas conxuntamente co departamento do IES.
- O plan de orientación do noso centro co correspondente Plan Anual de Actividades do DO.

A elaboración do PAADO ven recollida na Orde do 24 de xullo de 1998, que no seu artigo 11º determina que é función da xefatura do departamento de orientación “responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso”.

Neste PAADO establécense as actuacións a desenvolver polo Departamento de orientación, os responsables de cada actuación, as persoas ás que van dirixidas e a temporalización.

Non figura nos obxectivos porque xa están establecidos no Plan de Orientación.

En relación ás reunións de carácter ordinario, foille asignado na planificación do centro ao Departamento, o cuarto luns de cada mes.

2. ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN

	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
1	Proposta de atención ao alumnado por parte do profesorado de PT-AL, e	Xefa de estudos e orientadora	Xefatura de estudos	Todo o curso

deprofesorado con horas asignadas polo equipo directivo para apoio.

2	Proposta de organización da atención a alumnado NEAE	DO, xefa de estudos	Xefatura de estudos	Todo o curso
3	Revisión do PO	DO Orientadora	Directora, claustro	1º trimestre
4	Revisión e aprobación do PXAD	DO Orientadora	Directora, claustro	1º trimestre
5	Elaboración é aprobación do PAADO	DO Orientadora	Directora, claustro, comunidade educativa	1º trimestre
6	Elaboración concreción PXAD para PXA	DO Orientadora	Directora, claustro	1º trimestre
87	Realización de avaliacións psicopedagóxicas e de valoración, informes	Orientadora	Demandantes, equipo docente e familia	Con carácter xeral, 1º e 2º trimestre
8	Coordinación para Programa de preparación á ESO	Orientadora, orientadora IES, titora de 6º EP	Alumnado e familias de 6º EP	3º trimestre
9	Avaliación do Plan Anual de actividades do departamento	DO	Directora, claustro	Maio, xuño
10	Avaliación do PO	DO	Directora, claustro	Maio-xuño
11	Memoria do DO-PO	Orientadora, DO	Directora, claustro	Xuño
12	Participación nas sesións de avaliación	DO	Equipo docente	Ao remate de cada trimestre
13	Asesoramento á Comunidade educativa	DO	Comunidade educativa	Todo o curso
14	Proposta de adquisición de material para o departamento	DO	Dirección	Todo o curso
15	Asesoramento/participación na realización e seguemento das AC	Orientadora	Xefe de estudos, equipo docente, profesorado de apoio especializado	Todo o curso
16	Asesoramento xeral na acción tutorial	Orientadora	Equipo docente	Todo o curso

- | | | | | |
|----|---|-------------|---------------------------|--------------|
| 17 | Asesoramento/colaboración na elaboración e revisión de documentos do centro relacionado coa atención á diversidade. | Orientadora | Equipo directivo-claustro | Todo o curso |
| 18 | Actuacións promotoras convivencia, riscos nas redes sociais, ... | Orientadora | Comunidade educativa | Todo o curso |

3. HORARIO DA ORIENTADORA

Como consideración previa, cumpre sinalar que ao tratarse dunha orientación compartida e cun centro adscrito, a orientadora realiza o seu traballo en tres centros co correspondente reparto horario. Para este centro fixéronse os martes e venres, co horario que a continuación se presenta, podendo flexibilizar segundo as necesidades de cada centro:

ACTIVIDADES SEMANAIS		
HORARIO	MARTES	VENRES
9.30-14.30 horas	DO	DO
	DO	DO
	DO	DO
	DO	DO
	DO	DO

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

No mes de xullo realizarase a avaliación deste plan, que se incorporará á memoria do Departamento de Orientación.

ANEXO III: CONCRECIÓN ANUAL PXAD NO CEIP DE TEIXEIRO

Departamento Orientación

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE CURSO 2022/2023.
3. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

O Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro recolle as liñas xerais que enmarcan a atención á diversidade e as actuacións a desenvolver para a adecuación da resposta educativa á totalidade do alumnado do centro.

Ao comezo de caa curso, o departamento de orientación elaborará a proposta da concreción anual deste Plan, coas actuacións e medidas específicas que se desenvolverán ao longo do curso e que formará parte da programación xeral anual. Art.11.4 do D229/2011, do 7 de decembro.

No presente documento recóllense, pois, as principais medidas de atención á diversidade a desenvolver categorizadas en ordinarias e extraordinarias, os profesores responsables de cada actuación, os alumnos ás que van dirixidas e a duración previsible. Hai que ter en conta que tales actuacións continúen o punto de partida, que pode modificarse ao longo do curso para adaptarse aos cambios que se produzan.

A descrición das mesmas e a normativa que se desenvolve e/ou recolle figura no PXAD.

2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

TIPO	MEDIDAS	RESPONSABLE	DESTINATARIOS	DURACIÓN PREVISIBLE
ORD	Reforzo educativo	Profesorado de distintas áreas e profesorado con dispoñibilidade horaria	Alumnado con dificultades	Conforme á evolución do alumno. A criterio da mestra e Xefatura de estudos
ORD	Diversificación e adecuación de instrumentos, tempos e Procedementos de avaliación	Todo o profesorado deste alumnado	ANEAE	Todo o curso
ORD	Plan específico de reforzo ou recuperación e apoio para repetidores. Destinado a alumnado que promocióne de curso con algunha suspensa.	Mestras das áreas correspondentes	Alumnos/as repetidores/as con áreas non superadas	Conforme á evolución do alumno/a. A criterio do mestre/a

ORD	Desenvolvemento integrado no currículo da competencia social e educación en valores.	Titores con colaboración da orientadora	Todo o alumnado	Todo o curso
ORD	Desenvolvemento do PAT e Convivencia	Titores con colaboración da orientadora	Todo o alumnado	Todo o curso
ORD	Outras actuacións: metodoloxía baseada no traballo cooperativo, organización de espazos, diversificación de recursos, etc.	Mestres e mestras das distintas áreas	Todo o alumnado	Todo o curso
ORD	Programa de reforzo nas áreas instrumentais	Titora, mestra PT e orientadora	ANEAE	Todo o curso
ORD	Programa de enriquecemento curricular	Titor/a, mestra de PT e orientadora	ANEAE	Segundo necesidades
ORD	Programa de HHSS	Claustro	Todo o alumnado e familia	Dende mediados do primeiro trimestre
EXT	Apoio	Mestra de PT/AL	ANEAE	Conforme a evolución do alumnado
EXT	AC	Xefe de estudos, orientadora, profesorado das distintas áreas e de apoio especializado	ANEAE	Curso 2023/2024

EXT	Flexibilización da duración do período de escolarización	Orientadora, Dirección	ANEAE	Todo o curso
-----	--	------------------------	-------	--------------

****Neste curso escolar contamos cos seguintes especialistas de PT e AL:

- 1 mestra de PT definitiva no centro con horario de atención ao alumnado con NEAE.
- 1 mestra de AL provisional a tempo completo.

Ter en conta que a orientadora é compartida e acude a este centro dous días: martes e venres.

3 SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Ao remate do curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o DO elaborará a memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá. De ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporarase á memoria do DO e, en consencuencia, á memoria anual do centro. Art.13.2 do D229/2011.

ANEXO IV: PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR

I.	INTRODUCCIÓN	3
1.	LEXISLACIÓN	3
2.	CLASIFICACIÓN DO COMEDOR	3
3.	HORARIO DO COMEDOR	4
4.	FUNCIÓNS DO PERSOAL COLABORADOR DE ATENCIÓN E APOIO AO ALUMNADO	4
5.	FUNCIÓNS DO PERSOAL DO SERVIZO DE COMEDOR	5
6.	FUNCIÓNS DO ENCARGADO DE COMEDOR	5
7.	FUNCIÓNS DO DIRECTOR DO CENTRO	5
8.	COMISIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR	6
II.	OBXECTIVOS	7
1.	EDUCACIÓN PARA A SAÚDE	7
2.	EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA	7
III.	NORMAS DE CONVIVENCIA	8
1.	NORMAS XERAIS	8
2.	NORMAS ESPECÍFICAS DE USO DO COMEDOR	9
IV.-	TEMPOLIBRE	10
V.-	PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS	11
VI.-	FALTA DE ASISTENCIA AO COMEDORES ESCOLARES	11

I.-INTRODUCCIÓN

O ámbito de aplicación deste regulamento comprende aos usuarios do CEIP de Teixeiro.

1. LEXISLACIÓN

O regulamento está baseado na seguinte normativa:

- Decreto 132/2013 do 1 de agosto (DOG de 13 de agosto de 2013)
- Orde do 21 de Febreiro de 2007 (DOG de 5 de Marzo de 2007)
- Instrución 2/2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e universidades, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2022-2023

2. CLASIFICACIÓN DO COMEDOR

- Segundo o **Decreto 132/2013 do 1 de agosto**, o comedor do está clasificado como **TIPO B** e a modalidade de prestación de servizos é a de **Xestión directa da Consellería**.

- Segundo a **orde do 21 de febreiro de 2007** a esta clasificación correspóndelle 1 oficial 2ª de cociña e 1 axudantes de cociña.

3.- HORARIO DO COMEDOR.

O horario do comedor escolar é de 14:30 a 15:10 h.

4.- FUNCÍONS DO PERSOAL COLABORADOR DE ATENCIÓN E APOIO Ó ALUMNADO.

Atendendo á **Orde do 21 de Febreiro de 2007**, as funcións do persoal colaborador

son as seguintes:

- Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual do servizo de comedor escolar.
- Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación do enxoval de comedor.
- Axudar aos alumnos que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración. Informar ao equipo directivo do centro correspondente, no modelo de impreso que este lles facilitará, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento

- do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias.
- Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións do encargado do servizo de comedor escolar.

Todo isto cumprindo estritamente as normas de hixiene e seguridade establecidas no Protocolo para o funcionamento do comedor.

Contamos con oito colaboradoras (6 nais e 2 mestres), que son as encargadas de servir cada alumno o menú, recoller os utensilios e limpar e desinfectar os postos antes de ser utilizados por outro usuario.

5.- FUNCÍONS DO PERSOAL LABORAL DO SERVICIO DE COMEDOR

Atendendo á **Orde do 21 de Febreiro de 2007**, as funcións do persoal do servizo de comedor son as seguintes:

- Elaboración de comidas de acordo co menú aprobado polo Consello Escolar.
- Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de seguridade e hixiene.
- Servizo de atención ás mesas dos usuarios.
- Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.
- Informar ao encargado do servizo de comedor daquelas outras cuestións que afecten ao funcionamento do servizo.
- Colaborar no seguimento dos protocolos de seguranza e hixiene e de riscos laborais.
- Asistir, se é o caso, ás actividades específicas programadas dentro do Plan de formación continuada.

6.-FUNCÍONS DO ENCARGADO/A DE COMEDOR

Atendendo á **Orde do 21 de Febreiro de 2007**, as funcións do encargado/a de comedor son as seguintes:

- Coordinar un plan de actividades que permita o desenvolvemento de aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer, e de relación social no contorno do servizo de comedor escolar.
- Potenciar o desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre para dinamizar a atención e vixilancia do alumnado usuario.
- Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarios para o funcionamento do servizo de comedor.
- Organizar o funcionamento do servizo de comida de mediodía.

- Elaborar a actualización periódica do inventario do equipamento do servizo de comedor e a súa reposición.
- Elevar á dirección do centro propostas sobre control e mellora de menús, así como da distribución do orzamento e control do gasto, a través da comisión do servizo de comedor escolar.

6.- FUNCÍONS DO DIRECTOR/A DO CENTRO

Atendendo á **Orde do 21 de Febreiro de 2007**, as funcións do director/a do centro son as seguintes:

- Elaborar co equipo directivo, e de acordo coa comisión do servizo de comedor, o protocolo de funcionamento do servizo como parte integrante da programación xeral anual do centro.
- Dirixir e coordinar o servizo de comedor e designar o persoal docente que voluntariamente participe nas tarefas de atención ao alumnado.
- Supervisar o correcto funcionamento do servizo de comedor prestado polo centro.
- Estudar e elaborar o proxecto de orzamento do servizo de comedor.
- Autorizar os gastos e ordenar os pagamentos necesarios para o seu bo funcionamento.
- Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del.
- Facer as contratacións de subministración, se for o caso, de acordo coa lexislación vixente.
- Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor escolar.
- Presidir, se for o caso, a comisión do servizo de comedor escolar.
- Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, de acordo cos protocolos que para o efecto remitirá a Consellería de Educación e O. U.
- Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo.

7.- COMISIÓN DO SERVICIO DE COMEDOR

Atendendo á **Orde do 21 de Febreiro de 2007**, será a mesma comisión económica do centro pero integrada, ademais, pola persoa encargada do servizo de comedor.

Serán funcións da Comisión:

- Elaborar o borrador de anteproxecto de orzamento do servizo de comedor.
- Colaborar co equipo directivo e o encargado do servizo de comedor, se for o caso, na xestión económico-administrativa dos fondos do servizo de comedor.

- Propoñer ao Consello Escolar os menús, de acordo cun programa de alimentación saudable e equilibrada.
- Elaborar e propoñer ao Consello Escolar un plan de actividades que desenvolverá o alumnado que utilice o servizo de comedor escolar.
- Seguimento do servizo de comedor, formulando propostas de mellora, se é o caso, ante o Consello Escolar.
- Velar polo cumprimento das normas vixentes sobre sanidade e hixiene.
- Calquera outra función necesaria para o correcto desenvolvemento do servizo de comedor.

II.- OBXECTIVOS

O funcionamento do comedor escolar afecta á vida do centro e a súa utilización por parte dos alumnos non debe considerarse como algo alleo aos valores que se ensinan nas aulas. O comedor escolar é un servizo complementario e, como tal, os usuarios deben respectar as normas de convivencia que rexen no Centro.

Tratarase

de acadar os seguintes obxectivos:

1.-EDUCACIÓN PARA A SAÚDE:

1. Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación como base dunha correcta educación para a saúde.
2. Poñer en práctica normas hixiénicas e sanitarias estudadas nas aulas.
3. Promover o consumo de todo os alimentos (educar no gusto polos diferentes sabores).
4. Manter posturas correctas na mesa.
5. Desenvolver hábitos sobre o uso axeitado dos utensilios de comida.
6. Adquirir e poñer en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa.
7. Concienciar ás familias dos beneficios que poden obterse dunha colaboración cos responsables do comedor, tanto respecto á saúde como á educación nutricional dos seus fillos/as, así como na adquisición e desenvolvemento de hábitos correctos.

2.-EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA

1. Adquirir e poñer en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.
2. Promover a cooperación dos alumnos implicándoos, segundo as súas posibilidades, en tarefas de comedor.
3. Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara todos os membros da comunidade escolar.
4. Lograr un comportamento correcto na mesa.
5. Lograr un ambiente agradable evitando o exceso de rúidos.
6. Coidar e respectar os locais, mobiliarios, aparellos e utensilios de uso común.
7. Lograr que as entradas e saídas ao comedor sexan ordenadas.
8. Favorecer a comunicación cos compañeiros en actividades non académicas, fomentando o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia.
9. Valorar e respectar outro tipo de traballos (persoal colaborador, cociñeiras, etc).

III.- NORMAS DE CONVIVENCIA.

Tal e como se recolle no **punto 1, artigo 12**, da *LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*:

“serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.”

Así mesmo nas Normas de Convivencia do centro queda recollido que, como norma

xeral, o comedor escolar rexerese polas normas de convivencia establecidas para o resto dos espazos escolares.

En caso necesario, a dirección de cada centro usuario do comedor escolar aplicará a corrección disciplinaria oportuna.

1-. NORMAS XERAIS

1. Os alumnos alérxicos a alimentos ou que padezan calquera enfermidade que precise dunha alimentación especial deberá presentar un **informe médico** á dirección do seu centro educativo que o comunicará á encargada do comedor escolar.
2. As condutas contrarias ás normas de convivencia do alumnado a cargo, serán amoestadas verbalmente polos colaboradores/as do comedor escolar

e, en caso necesario, quedarán recollidas por escrito no parte de comedor para a posterior comunicación á dirección do centro educativo correspondente que aplicará as medidas correctoras oportunas.

3. Ao comezo de cada mes entregarase ás familias información sobre os menús. No caso de que se produzan variacións significativas nos mesmos, informarase ás familias a través da páxina web.
4. Para calquera dúbida relacionada co comedor as familias deberán dirixirse á dirección do centro.
5. En caso de **ACCIDENTE** as pautas a seguir son:
 - accidente leve: Atenderase ao alumno/a e darase aviso á persoa responsable de comedor do centro correspondente que e, en caso necesario, chamará ás familias.
 - accidente grave: Chamarase ao 112 na maior brevidade e seguiranse a súas instrucións. Indicaráselle ao persoal colaborador ou ao alumno/a máis cercano que dea aviso ao responsable de comedor máis próximo (responsable de comedor do centro ou a encargada) para que adopte as medidas oportunas e se dea aviso á familia inmediatamente.

2.-NORMAS ESPECÍFICAS DE USO DO COMEDOR

- **Alumnado:** Os alumnos/as están obrigados a manter unha conduta apropiada no comedor escolar, da mesma maneira que en calquera outra actividade das que se desenvolven no centro.
1. Todos os alumnos deben respectar as normas de convivencia do centro e as normas específicas de uso do comedor .
 2. Os alumnos non poderán saír do recinto escolar durante o período de comedor.
 3. Seguir as indicacións que en cada momento lles fagan as persoas encargadas da súa vixilancia.
 4. Antes do inicio da comida os alumnos deberán lavar as mans/desinfectar e ir ao baño se o precisan.
 5. Os alumnos accederán ás instalacións cando a encargada ou colaboradores/as o indiquen.
 6. A entrada ao comedor dos alumnos farase por grupos, con orde e tranquilidade, sen correr, nin berrar, nin empurrar aos compañeiros.
 7. Os alumnos sentaranse no lugar que lles sexa asignado e permanecerán nel sen poder levantarse salvo co permiso dalgún responsable. Estes lugares poderán cambiarse a criterio dos colaboradores/as previa consulta ao director ou a encargada de comedor.
 8. Os alumnos estarán informados de quen é o persoal colaborador encargado de atender ás súas mesas.
 9. Manterase en todo momento o respecto entre todos os usuarios do comedor escolar.
 10. Os alumnos están obrigados a respectar aos colaboradores/as nos mesmos

termos que ao profesorado do centro, seguindo as súas indicacións.

11. Co fin de lograr un ambiente tranquilo e relaxado os alumnos e persoal, dirixiranse aos demais nun ton de voz adecuado, evitando falar cos compañeiros doutras mesas.
12. Durante a comida os alumnos empregarán os utensilios e comerán dun xeito correcto, sen xogar entre eles nin facelo coa comida.
13. Os alumnos serán responsables do deterioro por mal uso do material e utensilios do comedor.
14. Os alumnos deberán adaptarse ao menú establecido (salvo no caso do apartado1 das normas xerais).
15. Os alumnos non sairán do comedor ata que o persoal colaborador, a encargada ou a directora llo indiquen.

Familias

1. Asumir o presente protocolo en todos os seus apartados, que estará dispoñible no centro para toda a comunidade educativa.
2. Orientar aos seus fillos sobre como deben comportarse durante a comida e os períodos anterior e posterior á mesma.
3. Cooperar para o adecuado cumprimento das normas establecidas.
4. A recollida do alumno antes do inicio do comedor, será por causa xustificada e seguindo o procedemento xeral establecido polo centro
5. Comunicar ao centro, mediante informe médico, as posibles alerxias o enfermidades que requiran un réxime.
6. Aceptar e levar a cabo as correccións que se lle apliquen aos seus fillos ante as condutas contrarias ás normas de convivencia.
7. Presentar, **por escrito**, calquera suxestión ou observación sobre o comedor na Dirección do centro xa que so así se poderá transmitir exactamente e darlle cumprida resposta.

É imprescindible contar coa implicación das familias dos alumnos usuarios do comedor para que adquiran valores educativos.

IV.- TEMPO LIBRE

1. Os colaboradores/as de comedor, distribuiranse de forma que poidan controlar todos os espazos mentres non saían os transportes escolares ou non comece as actividades extraescolares: corralito, alumnado de educación infantil no patio de diante, alumnado de transporte ao carón do ximnasio, cada un facendo fila no seu número de autobús, alumnado de 3º e 4º EP nas aulas novas, alumnado de 1º e 5º EP no lado esquerdo do edificio principal, alumnado de 2º e 6º EP no lado dereito do mesmo edificio. Farán unha amonestación verbal aos alumnos/as que estean ao seu cargo

no caso de que presenten unha conduta contraria ás normas de convivencia e, en caso de reincidencia ou conduta prexudicial ou gravemente prexudicial para a convivencia do Centro, informarán á dirección do centro.

2. Os alumnos non poderán acceder as aulas, agás autorización.
3. Non se permite a práctica de xogos perigosos, entendéndose como tais os que poidan poñer en perigo a integridade física das persoas.

V.- PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS (*punto 6.2.6 da instrución 1/2016*):

1. Os usuarios deberán facer o pagamento mensual dos prezos públicos entre o **día 1 e 20 do mes seguinte** ao da prestación do servizo, conservando o xustificante do “pagamento para o interesado” e presentando nos centros, nos 20 primeiros días de cada mes, os xustificantes de “pagamento para a Administración” debidamente validados polas entidades de cobro.
2. Os usuarios deberán comunicarlle obrigatoriamente ao centro de ensino os días que non van a facer uso do comedor escolar o día anterior ou **antes das 10:00h do** día correspondente en caso de urxencia, para así non ter que aboalos.
3. Entenderanse notificadas as liquidacións dos prezos públicos coa posta a disposición dos obrigados tributarios, nos 5 primeiros días naturais de cada mes, dos impresos de pagamento nos que constarán os elementos esenciais das cantidades a aboar. En calquera caso, a liquidación dos prezos públicos entenderase efectuada para todos os efectos o día 5 de cada mes.
4. O incumprimento no pagamento dos prezos públicos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, para o cal contarase cun prazo máximo de 2 meses.

VI.- FALTA DE ASISTENCIA AO COMEDOR ESCOLAR (*instrución 1/2016, punto 5*)

1. Os usuarios do servizo de comedor escolar que durante o **prazo dun mes** de xeito continuado non fagan uso do mesmo, causarán automaticamente baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios ante a dirección do respectivo centro educativo.
2. Os usuarios do servizo de comedor escolar que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia **antes das 10:00 horas** do día que deba ter efecto, poderán ser suspendidos pola dirección do centro correspondente do dereito ao servizo por un período de 10 días.

A programación Xeral Anual do CEIP DE Teixeira, unha vez revisada polo Claustro de mestres e avaliada polo Consello Escolar, na Sesión Ordinaria celebrada o día 16 de Outubro de 2023, do que dou fe como secretaría do mesmo.

Vº e prace

A secretaria

A directora

Asdo.Susana Vázquez Rivera

Asdo. Andrea Carmen Miraz Merelas



ORZAMENTO PARA O ANO 2023

INGRESOS


Consellería de Educación e O.U: <i>Gastos de funcionamento</i>	12803,33
<i>Aportación pais excursións</i>	2000
<i>Dotacións finalistas (Axuda ao ENL, aproximadamente)</i>	349
Remanente do exercicio 2022 de gastos de funcionamento	20894,98
TOTAL	36047,31

GASTOS

Arrendamentos	3165,36
Reparacións, mantemento e conservación	2920,15
Material de oficina	9000
Subministracións	5048,925
Comunicacións	210,00
Transporte	3.750,00
Traballos realizados por outras empresas	1.760
Axudas de custo e locomoción	711,36
Primas de seguros	306,93
Gastos diversos	2226,02
Mobiliario e utensilios inventariables	1.900,00
Outros materiais inventariables	5.048,565
TOTAL GASTOS	36047,31
REMANENTE ANO 2.023	0,00
TOTAL PRESUPUESTO	36047,31

Certifico que o presente orzamento foi aprobado polo director do centro e avaliado polo Consello Escolar do centro na súa reunión celebrada en Teixeira, a 30 de xuño de 2.023

Vº e Prace
O PRESIDENTE


Asdo: Susana Vázquez-Rivera



A SECRETARIA


Asdo: Andrea C. Miraz Merelas